



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA

Expte: 2600/232
Retirar: 14-08-2024

Sr. Alcalde Presidente
do Concello de Vigo

PAGAMENTO DO PREZO XUSTO POLA EXPROPIACIÓN FORZOSA DOS BENS
E DEREITOS EXPROPIADOS POLA EXECUCIÓN DO PROXECTO
REGULAMENTACIÓN SDM711 DO APOIO 11 AO 15. IN407A 2022/126-4

De conformidade co disposto no artigo 49 do decreto de 26 de abril de 1957 que aproba o regulamento de expropiación forzosa, esta dirección territorial resolveu sinalar o día **4 de outubro de 2024**, ás **13 horas**, para o pagamento dos prezos xustos determinados polo Xurado de Expropiación de Galicia, nas dependencias da casa do concello, nas que serán convocados todos os afectados mediante comunicación individual por parte desta dirección territorial. Informámoslle, así mesmo, que o citado artigo dispón a presenza do alcalde e do secretario do concello neste acto.

Para poder realizar o pagamento das expropiacións, solicitamos que se publique a resolución de afectados no taboleiro de anuncios da casa do concello e se nos asigne unha sala para este fin.

A directora territorial
Beatriz López del Olmo

(Asinado en Vigo por sinatura dixital certificada na data que se indica na marxe)

Asinado por: LOPEZ DEL OLMO, BEATRIZ
Cargo: Directora Territorial
Data e hora: 12/07/2024 15:11:14

CVE: UNL Y4NkMDEYG
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE PONTEVEDRA
Servizo de Coordinación Industrial
Praza da Estrela s/n
36201 Vigo

100

100

100

100

100

100

100

100

100

100

100

Resolución da Dirección Territorial de Pontevedra, pola que se sinala a data para o pagamento dos prezos xustos polas imposicións de servidumes de paso para a execución do proxecto denominado Regulamentación SDM711 do apoio 11 ao 15, no Concello de Vigo, do que ten a condición de beneficiaria da expropiación a empresa UFD Distribución Electricidad, S.A.. IN407A 2022/126-4

O Xurado de Expropiación de Galicia notificou aos interesados, á empresa beneficiaria da expropiación e a esta directora territorial os acordos que determinan os prezos xustos polo establecemento das servidumes de paso nas fincas que se citan na relación que se anexa.

De acordo có establecido nos artigos 48.1 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, e 48.2 e 49 do seu regulamento aprobado mediante decreto de 26 de abril de 1957, resolvo sinalar o día 4 de outubro de 2024, ás 13 horas, na casa do Concello de Vigo como lugar de convocatoria para o pagamento dos prezos xustos das fincas situadas nese concello.

A este acto deberá concorrer o Sr. Alcalde, o Secretario do concello, o representante desta dirección territorial e o representante da empresa beneficiaria da expropiación. Os expropiados recibirán unha liquidación detallada do pagamento e farase constar nunha acta as persoas que concorran e as incidencias producidas.

Esta resolución será comunicada ao alcalde do Concello de Vigo para a súa publicación no taboleiro de anuncios da casa do concello, e notificada individualmente aos afectados.

A directora territorial

Beatriz López del Olmo

(Asinado en Vigo por sinatura dixital certificada na data que se indica na marxe)





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA

Reglamentación SDM711 do apoio 11 ao 15

Nº	Referencia catastral	Paraxe	Titular
1	54057A030002070000AK	Cerdeiros	María del Pilar Alvarez Simon
2	54057A030002160000AE	Cerdeiras	Carmen Costas Iglesias
3	54057A030001550000AS	Sanin	Rosa Villar Iglesia

Asinado por: LOPEZ DEL OLMO, BEATRIZ
Cargo: Directora Territorial
Data e hora: 12/07/2024 15:11:14

CVE: RZV5HXDIQYYZ
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE PONTEVEDRA
Servizo de Coordinación Industrial
Praza da Estrela s/n
36201 Vigo